

**PROGRAMA DE ACTIVIDADES
EXTRAESCOLARES E
COMPLEMENTARIAS**

IES DE AMES

CURSO 2023 -2024

ÍNDICE

1.-INTRODUCCIÓN

2.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

3.-ACTIVIDADES DOS DEPARTAMENTOS:

3.1.-BIBLIOTECA

3.2.-DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

3.3 DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

3.4.-DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

3.5.-DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

3.6.- DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

3.7.-DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

3.8.-DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

3.9.-DEPARTAMENTO DE GREGO

3.10.-DEPARTAMENTO DE INGLÉS

3.11.-DEPARTAMENTO DE LATÍN

3.12.-DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

3.13.-DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

3.14.-DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

3.15.-DEPARTAMENTO DE MÚSICA

3.16.-DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3.17.-DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

3.18.-DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

3.19.- DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORI

3.-ACTIVIDADES DA VICEDIRECCIÓN

1. INTRODUCCIÓN

As directrices xerais sobre as Actividades Extraescolares e Complementarias son presentadas ao Claustro e Consello Escolar do Centro. Todos os estamentos da Comunidade Educativa poden propoñer actividades. En primeira instancia, corresponde aos Departamentos Didácticos ditas propostas, como complemento ás actividades lectivas ordinarias, e que recollen nas súas Programacións Didácticas.

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. e figurando na programación xeral anual, realízanse fóra do horario lectivo.

Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben respectar os principios de voluntariedade para os alumnos, non discriminación e ausencia de lucro. Estas actividades non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ao currículo oficial.

2. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

2.1. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES

A Programación Xeral Anual, que será dada a coñecer ao Consello Escolar, recolle o programa de actividades complementarias e extraescolares que se van realizar ó longo do curso. Cada departamento encargarse de programar as actividades e incluílas dentro das súas respectivas programacións. Cada departamento entregará unha relación das actividades extraescolares/complementarias á Vicedirección, para que sexa incluída na PXA.

Tendo en conta as actividades propostas polos departamentos, a Vicedirección elaborará un calendario de actividades, primando a coordinación, a distribución homoxénea e evitando a realización simultánea de actividades ao longo do curso. As actividades que non se poidan contemplar na Programación Xeral Anual e que, por mor

de diversas causas, non poidan ser avaliadas polo Consello Escolar, poderán ser aprobadas polo equipo directivo, que posteriormente informará ao Consello Escolar.

As datas das actividades que non quedaran fixadas no calendario de actividades deben ser comunicadas á Vicedirección tan pronto como se coñezan, indicando o número previsto de alumnado participante e as posibles datas.

2.2. PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

- Non se efectuarán saídas nin outro tipo de actividades **para 1º e 2º de Bacharelato, a partir do 1 de abril** (agás no caso de actividades que figuran nesta programación e que dependan de organismos como a Universidade).
- Non se efectuarán saídas nin outro tipo de actividades **para os outros cursos** (1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BACHARELATO) **do 1 ó 20 de Xuño**, ambos os dous inclusive, agás as programadas polo centro no marco das actividades de final de curso, ou aquelas tamén aprobadas e que dependan de datas fixadas polos organismos que as organizan.
- Á marxe destas datas están a distintas conmemoracións que, tradicionalmente, celebramos no Centro.
- Os prazos para a preparación das actividades que supoñan a saída do recinto escolar serán: Un mínimo de **2 semanas antes** da actividade o profesorado responsable poñerá en contacto coa Vicedirección para preparara saída, cubrindo o **Documento de realización** (ANEXO I, no que se indicarán os datos da viaxe).
- Para aquelas actividades de aula que se programen fóra do recinto escolar será necesario que **o profesorado correspondente recolla as autorizacións familiares** do alumnado e informe destas a Vicedirección.
 - Antes da realización da actividade o/a profesor/a responsable entregará na Vicedirección copia da **listaxe do alumnado inscrito na actividade**. Toda comunicación por escrito coas familias que se realice dentro do traballo organizativo dunha actividade levará o membrete do centro e será coñecido pola Dirección antes da súa emisión, quedando copia en Vicedirección.
- **As reunións co alumnado ou con pais e nais para a planificación da actividade serán convocadas de xeito coordinado co profesorado que a organice e o equipo directivo.**

- A ratio mínima entre profesores e alumnos será de 1/20 para toda actividade realizada fóra do Centro. En función da complexidade da mesma esta proporción poderase modificar.
- Para as saídas de máis dun día asistirán como mínimo dous profesores, no caso de participar na actividade alumnado con necesidades especiais aumentarase o número de profesorado acompañante.
- As propostas de actividades serán comunicadas á Vicedirección (Documento de realización, ANEXO I), e deben conter os seguintes datos:
 - Denominación específica da actividade.
 - Obxectivos.
 - Data/s, horario e lugar no que se desenvolverá.
 - Alumnado participante (cursos, grupos implicados).
 - Departamento ou profesorado responsable de dirixir e levar a cabo a actividade.
 - Custo e fórmulas de financiamento (achegas do alumnado participante, axudas de institucións locais, etc.).
 - Traballo para o alumnado que non asiste a actividade.

2.3. ORGANIZACIÓN DO CENTRO DURANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

- A Vicedirección, unha vez que o profesorado organizador da actividade lle proporcione tódolos datos, enviará por correo electrónico a todo o profesorado a data de saída, a listaxe do alumnado participante e do profesorado, e en colaboración ca Xefatura de Estudos organizará as gardas, nas que colaborará o profesorado que fiquen sen clase.
- O profesorado participante na actividade deberá apuntarse previamente no libro de gardas e deixará as instrucións e o traballo a realizar polos seus alumnos/as na súa ausencia.
- **O profesorado que por mor dunha actividade non teña alumnado no seu horario cumprirá este apoiando as gardas.**
- O alumnado terá a obriga de participar en todas as actividades complementarias que se desenvolven no centro e non supoñan un custo adicional. Noutro caso, os alumnos que non queiran ou non poidan participar nunha determinada actividade complementaria quedarán na súa aula co profesor correspondente. A falta de asistencia á clase deberá xustificarse como en calquera día lectivo.

2.4. NORMAS DE CONVIVENCIA NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

- As normas nas actividades extraescolares/complementarias serán as mesmas que as que se aplican no centro. É dicir, nas actividades extraescolares **segue rexendo o NOF**, e o seu cumprimento é tan importante como no propio centro.
- O profesorado acompañante poderá establecer normas específicas durante a actividade ou saída, co obxecto de facilitar a organización da mesma, garantir o cumprimento de horarios e manter a disciplina e as boas formas.
- O profesorado acompañante notificará ó Equipo Directivo calquera incidencia que considere grave que se produza durante o desenvolvemento da actividade e que requira que a Dirección tome algunha medida unha vez finalizada a actividade.
- No caso de actividades de máis de dous días de duración, cando un comportamento dun alumno/a considerado como excepcionalmente grave fose comunicado á Dirección, esta poderá acordar a supresión definitiva da participación na viaxe do devandito/a alumno/a comunicándollo ás familias. A Dirección acordará con elas a maneira en que se realizará o regreso anticipado do seu fillo/a, para que se encarguen de recollelo.

2.5. SELECCIÓN DO ALUMNADO E PROFESORADO

- Como criterio xeral, as actividades irán dirixidas a grupos concretos e procurarase que nelas participe a totalidade do grupo.
- Nas actividades extraescolares, o número mínimo de participantes será establecido pol o Equipo Directivo en cada caso particular.
- Nas actividades con límite de prazas que impida a participación da totalidade do alumnado farase segundo os criterios pedagóxicos, académicos e disciplinarios, e sorteo, do mesmo xeito que para aquelas actividades con prazas sobrantes que se poidan cubrir con alumnado doutros grupos.
- Na selección do profesorado acompañante participará o departamento/profesorado organizador e o Equipo Directivo.

2.6. FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES

- O financiamento das mesmas correrá a cargo do propio alumnado e/ou do Departamento Didáctico correspondente, ademais, se é o caso, das axudas que poidan derivarse de subvencións, premios, aportacións de entidades colaboradoras (ANPA, Concello, etc) ou actividades ligadas a programas con financiamento propio.

- O Centro aportará recursos para as actividades que nesta programación figuran como organizadas por el, ademais das dietas para o profesorado participante en saídas didácticas, nos termos aprobados polos órganos de decisión correspondentes.

2.7. PERDA DO DEREITO A PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES

- A non participación nas actividades extraescolares, temporal ou para todo o curso, é unha das medidas correctoras incluída nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF). Ademais dos alumnos e das alumnas obxecto desta medida correctora, poderán excluírse da participación nunha actividade e quedarán obrigados a permanecer nas súas aulas co profesorado que lle corresponda:

- Aquel alumnado con **un ou máis partes de incidencia por mal comportamento ou que teña cometido algunha falta grave , o 10% das faltas de asistencia ao centro sen xustificar desde o inicio do curso**, se así o consideran os organizadores da actividade xunto co Equipo Directivo.
- Se así o consideran os organizadores da actividade, escoitado o titor, os alumnos que teñan un **baixo interese nas materias ou o seu comportamento nas clases da mesma non sexa adecuada**.

3. ACTIVIDADES DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

3.1.-BIBLIOTECA

As actividades que presenta o Equipo de Biblioteca están recollidas nos seguintes documentos: O Proxecto Lector e o Plan Anual de Lectura (PAL).

3.2.-DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Para o presente curso, 2023 – 2024, están previstas as seguintes actividades :

2º BAC Bioloxía:

- Participación na Olimpíada de Bioloxía.
- Saída á Fundación Pública Galega de Xenómica Humana, ubicada no CHUS, e/ou ao CIBUS/ CIMUS.
- Conferencia a cargo do profesor D. Anxo Carracedo.

Pódese cambiar algunha destas actividades por outras que xurdan ao longo do curso.

2º FPb2 Ciencias Aplicadas II:

- Visita ao Parque natural da illas atlánticas ou a cabo Home.
- Visita a Vivienda bioclimática e o parque Eólico experimental de Sotavento.
- Visita a exposición ·Arquitectura e Natureza· Cidade da cultura (Santiago)

1º BAC Bioloxía e Xeoloxía:

- Visita aos museos científicos de A Coruña (DOMUS e Casa das Ciencias) ou talleres na UDC.
- Visita ao CIMUS e o Microscópio electrónico USC
- Viaxe xeolóxica e ambiental á illa de Tenerife para visitar o Parque Naional Cañadas do Teide, avistamento de mamíferos mariños e paisaxes protexidas de piñeirais e laurisilva 5 días Febreiro-Abril(1º Bach e 4º de DPC)
- Saída de campo a algún parque natural (posiblemente ao Caurel).

1º BAC Anatomía aplicada :

- Conferencia sobre "Doazón de órganos", a cargo de personal hospitalario.
- Visita ao Instituto de Ciencias Forenses da Facultade de Medicina da USC.
- Visita aos museos científicos de A Coruña (DOMUS e Casa das Ciencias).
- Obradoiro de primeiros auxilios.

4º ESO Bioloxía e Xeoloxía:

- Conferencia dalgún científico ou divulgador Exemplo: charla ETS .
- Visita aos museos científicos de A Coruña (DOMUS e Casa das Ciencias).
- Visita guiada por ADEGA á exposición” Especies invasoras”

Contémplase a posibilidade de incorporar diversas actividades de interese para o alumnado que sexan ofertadas ao longo do curso por diferentes institucións (por exemplo, pola Aula de Natureza do Concello de Ames).

3º ESO Bioloxía e Xeoloxía:

- Visita aos museos científicos de A Coruña (DOMUS e Casa das Ciencias).
- Saída de campo a algún parque natural (posiblemente ao Barbanza con Fran Canosa).

1º ESO Bioloxía e Xeoloxía:

- Celebración do Día Mundial do Medio Ambiente.

Percorrido etnográfico pola comarca de Barbanza e Corrubedo.

- Realización dun almuerzo saúdable e con produtos de proximidade.
- Realización de visitas didácticas pola contorna do instituto: identificación de cogumelos, identificación de vexetación, etc.
- Saída ao rego dos Pasos no marco do Proxecto Ríos (1 saída en outono e 1 saída en primavera)
- Taller de minerais e rochascon Fran Canosa.

Incorporaranse diversas actividades de interese para o alumnado que sexan ofertadas ao longo do curso por diferentes institucións (por exemplo, pola Aula de Natureza do Concello de Ames).

3.3. DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

DOCUMENTO ANEXO 1

3.4. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Estas son as actividades que organizan algúns dos profesores do nos departamento:

- Participación nas competicións de carreira de orientación do programa XOGADE con 3ESO e 4ESO, no segundo e/ou 3 trimestre (dependendo do calendario XOGADE).
- Escalada no rocódromo de Santiago con 4ESO no 3º trimestre (por definir).
- Saída de actividades deportivas no medio natural de 2 ou 3 días con 4ºB no 2º ou 3º trimestre (por definir).

- Saida de un día sendeirismo con 2ESO no 2º ou 3º trimestre (por definir).
- Sidas levadas a cabo dentro e fora do periodo lectivo relacionadas con roteiros para 1BAC, no terceiro trimestre (por definir).
- Sidas temáticas relacionadas con deportes de montaña ou acuáticos para 1BAC no segundo trimestre (por definir).
- Saida á praia para realización de actividades de pá e raqueta para 3ESO no terceiro trimestre (por definir).
- Realización de trazado de orientación pola contorna do centro con probas de xincana para 3ESO no segundo trimestre (por definir).

3.6. DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

1. actividades extraescolares

a) Visitas, viaxes e intercambios:

-Intercambio ou visita con algún dos socios internacionais do Proxecto “Redes de cooperación para o traballo transversal eficiente e sostible” ou dalgún dos proxectos “etwinning” con escolas de países como Alemania, Portugal, Reino Unido, Túnez, Estonia, Arxelia, Francia ou dalgún outro socio nacional ou internacional.

-Visita ao Parlamento de Galicia. Datas por determinar

-Visita á “Cidade da Selva” 2º Trimestre. Transversal. Eixo da Memoria Democrática

-Visita á Illa de S. Simón. 3º Trimestre Transversal. Proxecto de Memoria histórica

-Visita ós petroglifos de Campo Lameiro.

-Andaina “Roteiro da memoria histórica na comarca da Mahía e Compostela” 2º Trimestre. Transversal. Proxecto Competencial.

b) Participación en concursos e actividades do calendario escolar

- Concorrenza ao Premio de ensaio Subversivo Guillerme Dominguez

-Actividades celebración do Día da Filosofía (novembro)

- Charla-Coloquio sobre os Dereitos Humanos (Decembro)

2. Actividades complementarias de asistencia obligatoria

-Ciclo de Conferencias de Formación Complementaria. 1 por trimestre. Datas a determinar

-Ciclo Filosofía e Cine. Saídas para visionado de películas na sala Numax. Datas a Determinar

-Filosofía Cine e Literatura. Exposición no centro e análise de películas vencelladas a temas filosóficos. (Matrix, Farenheit 451...)

-Participación na Olimpiada Galega y Estatal de Filosofía

-Proxecto Redes de Cooperación: Actividades Transversais: (charlas, encontros, excursións, e actividades interactivas)

-Proxecto Polos creativos:Radio podcast. Dobraxes, Audiolibros. Actividades Transversais.Utilizacion de ferramentas comunicativas. Participación en convocatoria de Radio Ames.

-Participación no Proxecto do PFPP: “Redes de cooperación para o traballo transversal eficiente e sostible”

-Participación proxectos europeos E-Twinning: “Smart Cities and Schools u outros que se desenvolvan ó longo do curso. Actividades transversais e de carácter interactivo con outros centros

-Charla sobre voluntariado xuvenil. 4º de ESO (2º Trimestre).

-Actividades de colaboracion con Amnistía Internacional.

-Charlas-coloquio sobre inmigración (Transversal) -Charlas-coloquio sobre Refuxiados.

-Charlas sobre calquera dos temas relacionados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. -Charla con activistas defensores dos dereitos das persoas transexuais para 3º da ESO.

3.7. DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Para un mellor desenvolvemento da materia, sería conveniente a realización dunha serie de actividades fóra do contexto da clase, que permitan un mellor coñecemento da interrelación da Física e da Química coa realidade diaria e a sociedade, e dos usos e aplicacións tecnolóxicas que estas teñen, así como un acercamento á realidade da investigación nestas ciencias. Así mesmo, tentará realizarse algunha visita didáctica cos grupos de Bacharelato a industrias e/ou laboratorios, co obxecto de abordar estes contidos dunha maneira práctica e motivadora.

Actividades Complementarias:

Actividade	Data	Nivel
Conferencias, obradoiros e outras actividades realizadas no propio centro por entidades ou poñentes externos, segundo a dispoñibilidade.	Todo o curso	Todos
Charla José Benito Vázquez Universidade Vigo	2º trimestre 12 xaneiro	1º bach FQ
Monólogos Científicos	1º trimestre	2º ESO
Participación en Concursos externos ao centro, co permiso dos pais ou titores legais, relacionados coas materias do Departamento	Todo o curso	Todos
Actividades de laboratorio	Todo o curso	Todos
Preparación Olimpíadas	1-2º trimestre	2º BAC

Actividade	Data	Nivel
Olimpíadas Galegas de Física	2º Trimestre	2º BAC
Olimpíadas Galegas de Química	2º Trimestre	2º BAC
MasterClass de Física de partículas	2º Trimestre	2ºBAC-FÍS
MasterClass de Física de partículas para alumnas	2º Trimestre	1º BAC
Visita a unha industria química	2º Trimestre	1º BAC
Visita ao Parque Eólico de Sotavento	3º Trimestre	4º ESO FQ
Visita aos museos científicos da Coruña	2º Trimestre	1º BACH e 2º BACH
Talleres museos científicos da Coruña	2º Trimestre	QUÍMICA 2º
Visita ao CIQUS	1º Trimestre	1º-2º BACH
Visita a GALICIENCIA	3º Trimestre	Club de Ciencia
Visita Muncyt	2º Trimestre	1º BACH

En todo caso, intentarase agrupar algunhas delas para aproveitar mellor o tempo da saída e o custo do transporte. Aínda estamos á espera de recibir información do Concello de Ames sobre actividades que poderían ser de interese. Así mesmo, o Departamento colaborará e participará nas Actividades Complementarias e

Extraescolares propostas por outros Departamentos ou pola Dirección do Instituto, de darse o caso.

3.8. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

3.9.-DEPARTAMENTO DE GREGO

1) FESTIVAL GALICREQUES SANTIAGO DE COMPOSTELA. As avispas de Aristófanes PARTICIPANTES: ALUMNOS DE GREGO DE 1º , 3º e 4º ESO de CULTURA CLÁSICA. DATA: 13 OUTUBRO

2) CONCURSO ODISEA PARTICIPANTES: ALUMNOS DE CULTURA CLÁSICA 3º e 4º, E GREGO DE 1º de BACHARELATO DATAS: Aínda por determinar (probablemente xaneiro)

3) UNHA VIAXE NO TEMPO E NO ESPACIO:SICILIA En colaboración co Departamento de italiano PARTICIPANTES: ALUMNOS DE CULTURA CLÁSICA 3º e 4º ESO, ALUMNOS DE GREGO DE 1º BACHARELATO. ALUMNOS DE ITALIANO DE 1º BACHARELATO DATAS: Aínda por determinar. 15 AO 22 MARZO (APROX) / 1 AO 7 ABRIL (APROX)

4) Dependendo da oferta cultural dos arredores, podería organizarse algunha saída para asistir a exposicións, teatro, cine...

3.10. DEPARTAMENTO DE INGLÉS

As actividades propostas do departamento de inglés son as que seguen (temos aínda que organizar e seguramente algunha ao final non se faga, son as ideas que temos e puxemos en común):

1. Saídas varias ao cine NUMAX (isto xa o fixemos o ano pasado con 4º da ESO e foi moi ben).

2. O concurso de cabazas para 1º e 2º da ESO en Halloween (tamén o fixemos o ano pasado).
 3. Un concurso de postres / cociña para toda a ESO nalgunha data sinalada (Nadal etc)
 4. Campamento de inmersión lingüística en inglés coa empresa SYG no camping Baiona Praia (sería para cursos baixos. Ou 1º ou 2º da ESO). No terceiro trimestre, para que o tempo acompañe.
-
3. Excursión a Londres con 4º da ESO (aínda temos que falar con Sabela e o seu departamento para saber quen organiza e colabora)

3.11. DEPARTAMENTO DE LATÍN

Non se plantexan actividades para o presente curso. Realizaranse aquelas que vaian xurdindo e sexan de interese.

3.12. DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Las actividades que tenemos previstas para este curso 2023-24 serían las siguientes:

En primer lugar, tenemos intención de realizar con los alumnos de 4º de ESO una excursión para visitar dos lugares emblemáticos desde el punto de vista literario. Dicha salida tendría lugar en primavera para aprovechar el buen tiempo y poder comer al aire libre, como hicimos el curso pasado. La visita duraría todo el día. Por la mañana iríamos a conocer la Fundación de Camilo José Cela en Padrón y por la tarde nos desplazaríamos a Vilanova de Arousa para visitar la casa museo de Valle Inclán.

Nos gustaría también poder visitar con los alumnos de 1º de Bachillerato la casa de Emilia Pardo Bazán en A Coruña. Esta visita la realizamos hace dos años y no pudimos repetirla debido a las obras que se están realizando en el edificio, sede también de la Real Academia Galega. De todas formas, consultaremos disponibilidad.

Estamos abiertos a la posibilidad de acudir a una obra de teatro con los alumnos de 3º de ESO, en el caso de que se nos ofrezca alguna representación de calidad pensada

especialmente para estudiantes de Secundaria o alguna obra de teatro que se represente en Santiago y que nos parezca adecuada para nuestro alumnado.

Asimismo, es posible que se lleve a cabo un libro fórum en el centro si alguna de las editoriales con las que trabajamos nos proponen un encuentro con algún escritor cuya obra resulte de interés para alumnos del primer ciclo de ESO.

Estamos también barajando la posibilidad de realizar una salida con los alumnos de Literatura Universal que giraría en torno a cuatro figuras femeninas muy representativas: Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Rosalía de Castro y Juana de Vega.

Asimismo, cabe la posibilidad de visitar alguna exposición relacionada con temática literaria, o asistir a alguna conferencia de contenido relacionado tanto con la literatura española como universal, que se realice en Santiago o alrededores.

Por otra parte, tenemos prevista para los alumnos de Lengua italiana una actuación de Simone Negrín en dicha lengua, para motivar al alumnado de cara a la comprensión y aprendizaje de la segunda lengua extranjera que están estudiando alumnos de 4º de ESO, 1º y 2º de Bachillerato. Dicha visita tendría lugar en el centro en la primera semana de noviembre.

Como el año pasado, estamos estudiando también la posibilidad de realizar un viaje de estudios a Italia. Este año el viaje sería en colaboración con el Departamento de Griego. La idea es viajar a Sicilia, realizando un completo recorrido por la isla. Habría una segunda opción consistente en un viaje a Roma, Nápoles y Pompeya. La elección de uno u otro recorrido dependerá del importe del viaje y de la preferencia del alumnado seleccionado.

3.13. DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Proposta de actividades extraescolares e complementarias **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

1º ESO

- Saída ao cine Numax en Santiago de Compostela (2º trimestre)

2º ESO

- Visita ao Museo do Pobo Galego + cine ou teatro en Santiago de Compostela (3º trimestre)

3º ESO

- Visita á Casa-Museo de Rosalía de Castro en Padrón + Roteiro rosaliano (podería coordinarse co Departamento de castelán para visitar tamén a Fundación Cela en Iria Flavia); non se determinou aínda en que trimestre se vai facer.

4º ESO

- Visita a Celanova + Vilanova dos Infantes + Castromao (segundo trimestre)

1º BAC

- Roteiro pondaliano (2º trimestre)
- Viaxe a Lisboa, alumnado de portugués.

2º BAC

- Cine ou teatro en Bertamiráns ou Santiago de Compostela (primeiro trimestre)
- Roteiro de A esmorga + Casa-Museo de Otero Pedrayo (primeiro ou segundo trimestre)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O noso Departamento, en colaboración co Equipo Directivo do Centro, co Equipo de Dinamización Lingüística e co equipo da Biblioteca, ou coordinándose con profesorado doutros Departamentos, poderá organizar actividades arredor das seguintes celebracións escolares:

- Samaín / Nadal / Entroido
- Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro)
- Día de Rosalía de Castro (23 de febreiro)
- Día Internacional da Muller (8 de marzo)
- Día Mundial da Poesía (21 de marzo) • Día do Libro (23 de abril)
- Día das Letras Galegas (17 de maio)

NOTA: A nosa programación de actividades extraescolares e complementarias poderá ser modificada e ampliada de acordo con novidades de espectáculos, proxeccións cinematográficas ou teatrais, roteiros literarios que poidan resultar de interese para o alumnado e que contribúan á difusión e normalización da lingua e a cultura galega.

3.14.- DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA

Visita a **Galicia Skills 2023**. 7º Campionato Galego de Formación Profesional

<https://www.edu.xunta.gal/fp/galiciaskills-2023>

Hai que rexistrarse aquí:

<https://www.edu.xunta.gal/fp/inscripcion-galiciaskills23-centros>

25-26 de outubro pola mañá.

Alumnado de FPB2 e SMR.

Visita ao **Museo do Videoxogo** en Cangas

Mes de novembro.

Alumnado de FPB2 e SMR.

Visita ao **CESGA** en Santiago.

Mes de febreiro.

Alumnado de FPB2 e SMR.

Visita á **Fundación laboral da construción** en Santiago.

Mes de marzo.

Alumnado de FPB2.

3.15.- DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Participación no CANGURO MATEMÁTICO. Alumnado de todos os cursos. A proba realizarase o 21 de marzo do 2024

Participación na OLIMPIADA MATEMÁTICA : . Alumnado de 2º ESO . Realizarase no segundo trimestre

3.16.-DEPARTAMENTO DE MÚSICA

O Departamento de Música ten prevista a asistencia a varios Concertos co fin de ofrecer ó alumnado a posibilidade de se achegar á música ao vivo. Estes concertos realizaranse no marco da programación didáctica do Auditorio de Galicia. Xa se fixo a solicitude e estamos á espera de que se nos confirme cantos e cales serán estes concertos. Baseándonos na experiencia de anos anteriores, estimamos que serán aproximadamente seis actividades anuais repartidas entre o primeiro e o segundo trimestre. A idea é que asistan todos os cursos e tódolos grupos que cursan a materia a concertos representativos dos distintos estilos musicais.

Contemplamos tamén a realización do obradoiro de regueifa organizado polo Concello de Ames que vimos facendo nos últimos anos.

A concretización de ditas actividades dependerá do programa xeral ofertado na programación didáctica do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) e do propio Concello de Ames.

Tamén se contempla a posibilidade de actividades (excursións, visitas...) en cooperación con outros departamentos e a posibilidade de organizar algún taller de práctica musical dependendo dos recursos económicos cos que contemos.

3.17. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO	ACTIVIDADE	IMPARTE	TEMPORALIZACIÓN
4º ESO	Proxecto "Abeirar"	Asamblea de Cooperación Pola Paz (ACPP)	1º/2º Trimestre
1º/2º ESO	Exposición "Mira ti"	Asamblea de Cooperación Pola Paz (ACPP)	1º Trimestre

1º/2º ESO	Exposición interactiva "Vexo, Vexo"	Asamblea de Cooperación Pola Paz (ACPP)	2º Trimestre
2º BAC	Obradoiro Regulación Emocional	CIM Concello de Ames	1º Trimestre
1º BAC	Obradoiro Benestar Emocional	Quérote	2º trimestre
1º FP B/2º FP B	Obradoiro Autoestima	Quérote	2º Trimestre
2º ESO	Programa Prevención de condutas aditivas (redes sociais e internet e substancias regularizadas)	CIM Concello de Ames	2º Trimestre
4º ESO/1º FPB	Programa Prevención de condutas aditivas (redes sociais e internet e substancias/derivados psicotónicos ecánabis/Apostas deportivas)	CIM Concello de Ames	2º Trimestre
3º ESO	Obradoiro Educación afectivo sexual	Quérote+	2º Trimestre
1º FP DUAL	Programa Menores nin unha gota	Fundación Alcohol y Sociedad	2º Trimestre
2º ESO	Obradoiro de Convivencia Escolar	Feitoría Verde	1º/2º Trimestre
1º FP DUAL	Charlas educación vial	AESLEME Galicia	1º Trimestre
1º/2º BAC	Programa a Ponte: Encontros na USC	CIUG	2º Trimestre
1º/2º BAC	Programa a Ponte: Charlas orientación universitaria	CIUG	1º Trimestre
TODOS OS CURSOS	Charlas de orientación académica e profesional	D.Orientación	2º/3º Trimestre

6º EP centros adscritos	Xornadas de Portas abertas	D. Orientación	3º Trimestre
TODOS OS CURSOS	Feira das Profesións 2024	D.Orientación	2º Trimestre

3.18. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

3.19. DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

As saídas extraescolares este curso van a estar suxeitas a oferta que haxa en Santiago e arredores. Exposicións, conferencias e visitas organizadas polas diferentes institucións e organizacións de interese para os nosos alumnos sempre axustadas a programación

3.19. DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

DOCUMENTO ANEXO 2

3. ACTIVIDADES VICEDIRECCIÓN

Traballaremos en:

- Actividades propostas pola Consellería de Educación e /ou outras.
- Actividades propostas por asociacións que redunden na mellora educativa do noso alumnado e que fomenten as relacións con outros da contorna.
- Colaborar con actividades propostas polos diferentes centros educativos da contorna.
- Actividades propostas polo Concello.
- Con tódolos Departamentos nas súas actividades.

Igualmente, coas **actividades que propoña a ANPA**, que teñen que seguir, coma todos, as normas que están vixentes nestes momentos. A día de hoxe, propón que contemos coas charlas que propón a asociación Arelas, que tan bos resultados acadou o curso anterior no que se refire ó alumnado. Tamén unha actividade de esgrima e outra de ping pong.

Bertamiráns, a 3 de Novembro de 2023.

A Vicedirectora,

M^a Dolores Suárez Denis

ANEXO I

DOCUMENTO REALIZACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

- Denominación específica da actividade

- Obxectivos

- Data/s, horario e lugar no que se desenvolverá

- Alumnado participante (cursos, grupos implicados)

- Departamento ou profesorado responsable de dirixir e levar a cabo a actividade.

- Custo e fórmulas de financiamento (achegas do alumnado participante, axudas de institucións locais, etc.)

- Traballo para o alumnado que non asiste a actividade.